C.E.I.P.
CAMPOLONGO
PONTEVEDRA

Nº 28
Xuño 2008

Revista Escolar ESPERPENTO

"Na praza da Ferraría
xa están a resoar
estas cantigas de maio
que viñemos a estrear"

CEIP DE CAMPOLONGO (PONTEVEDRA)

EDITORIAL

Un curso máis por estas datas dispoñémonos a publicar un novo número da Revista Escolar ESPERPENTO, este ano o número 28 que nos anuncia o remate do ano escolar e a chegada dese período de vacacións tan merecido por tódolos membros da comunidade educativa.

Nas páxinas do interior atoparemos artigos de fondo, de opinión, reportaxes, narracións, novas do centro e pasatempos elaborados polos propios alumnos que son os auténticos protagonistas, xa que ESPERPENTO é feita polo alumnado e para o alumnado.

Ao longo do curso escolar levamos a cabo un amplísimo abano de actividades, todas elas cheas de contido didáctico, das que nos gustaría facer unha escolma pero que non é posible por falta de espazo, aínda que non podemos deixar de subliñar o intercambio co Colexio Nossa Senhora de Lourdes de Oporto, as visitas ás granxas Cerdedo Natura, Sarantellos, Kiriko ou Indiana Bill, asistencia ás obras de teatro ou concertos didácticos, visitas á Biblioteca Pública, Museos, ás diferentes mostras como, Cousas do Mar, libros de lectura, fotos aéreas do Río dos Gafos..... conmemoracións especiais como o Día da Paz, Magosto, o Entroido, o Día do Medio Ambiente, Letras Galegas, Abril dos Libros, etc., convertendo todas estas actividades en recursos e ferramentas didácticas que contribuíron sen dúbida á formación integral do alumnado.

Tamén temos que dedicar unha mención especial para a VI MOSTRA DA CAMELIA DE CAMPOLONGO, que un ano máis centrou a atención da comunidade educativa e dos cultivadores e amigos das camelias, con un amplísimo programa de actividades onde destacaron os concursos de redacción, poesía, debuxo, composicións artísticas, fotografía, etc.

Non podemos esquecer o éxito da participación por primeira vez no CONCURSO DOS MAIOS na Praza da Ferrería de Pontevedra onde acadamos tres importantes premios: Confección do Maio, Coplas e Interpretación, merecendo un agradecemento especial aos pais/nais que, formando un grande equipo con alumnos/as e mestres que se implicaron na elaboración do maio.

Queremos dedicar unha homenaxe chea de agarimo a profesores/as que deixan a súa actividade docente porque se xubilan: Da. Rosa Mª García Andrade, Da. Peregrina Escudero Sobral, Da. Mª Carmen Liz Gómez, Da. Marina Paz Fraga, Da. Mª Paz Taboada Fernández e D.Julio Losada Gómez, aos que lle desexamos moita felicidade nesta nova etapa da súa vida e ao mesmo tempo queremos felicitalos polo traballo docente ao longo da súa vida, pedíndolles non deixen de visitarnos para seguir colaborando con Campolongo.

E como non podía ser doutro xeito, queremos facer unha mención moi especial para o alumnado de 6º que rematan os seus estudos no colexio para ir ao Instituto, onde vos desexamos toda a sorte que merecedes e pedirvos que non esquezades o voso paso polo colexio e que veñades a informarnos sobre a vosa marcha académica no instituto.

Revista: Esperpento
Nº 28
Ano de publicación: 2008
Colabora: Comunidade Educativa de Campolongo
Corrección: Equipo de Normalización Lingüística

Co agradecemento a tódolos colaboradores coa Revista Esperpento

José Carlos Otero López

SUMARIO

Editorial.....2
Sumario.....3
Saúda do Presidente.....4
Cousas do mar.....5
Visita dos xogadores do Teucro.....6
Froitos de outono.....7
O outono.....8
Cadi.....9
Visita a Combarro.....10
O magosto.....11-17
Unha viaxe natural.....18
Visita a "Ponte nas Ondas".....19
Saída á Deputación.....20
Unha casa misteriosa.....21
O recuncho do poeta.....22
Paseo polo bosque.....23
Uns irmáns moi distintos.....24
Experiencia en Venta Mina 25-27
Crista Dourada rompe a á.....28
Nadal 2007.....29
O Camaleón.....30
A Paz.....31-32
O Entroido.....33
O mar 34-35
Salón do Libro.....36
Visita á biblioteca.....37
Chegou o noso día.....38
A Camelia.....39-42
Pintando historias.....43
Intercambio cultural "Nossa Senhora de Lourdes".....44-45
Esconxuros de 6º A.....46-47
A vida nos ríos de Galicia.....48
Abril dos libros.....49
Unha fadiña moi curiosa.....50
O noso maio.....51
Rosalía de Castro.....52
Día das Letras Galegas 2008.....53
Corrubedo.....54
Humor.....55-61
Visita ao Domus 62
A nosa biblioteca.....63
Exposicións 64-65
Orla de 6º.....66
Xogo da Camelia.....67

CANTIGAS DO MAGOSTO 2007

INTRO



DESENROLO





CANTIGAS DO MAGOSTO 2007



LETRAS DAS COPLAS

Hoxe estamos moi contentos
xa temos todo disposto
para come-las castañas
na festiña do Magosto.

Xa chegaron os gaiteiros
pra toca-las foliadas
escomeza para todos
a festiña fabulada.

Hai magosto en Campolongo
Choutan os rapaces ledos
xa se escoitan asubíos
repenican os gaiteiros.

Entre risas e cantigas
as gaitas están soando
e os rapaciños de sexto
as copliñas entoando.

É o Magosto dos nenos
que celebramos na escola
xa temos todo disposto
pra face-la merendola.

Preparade os cucuruchos
para enchelos de castañas
non sexa que haxa pampos
que se queden sen probaras.

Procurade uns vasiños
para botarlle a bebida
agardando o voso turno
coa presa ben collida.

Comede pois e bebede
haxa troula e distracción
enchede ben os bandullos
que empezámo-lo follón.

Agora que estamos fartos
de comer e de beber
xa escomezan as pintadas
veña todos a correr.

Xa están os raparigos
preparados pra tisnar
veñen cheos de rescaldos
para nos emborrallar.

Todo é risa e fantasía
moita troula e ilusión
aos nenos de Campolongo
gústalles a diversión.

Castañas e lambetadas
rapaciños e paixón
tardes douradas de Outono
chamas, cinsas, resplandor.

Xa se foi morrendo o lume
xa se arredaron as chamas
vaise apagando a fogueira
con adeuses e lembranzas.

Coa festa rematando
teremos que recoller
o Magosto deste ano
foinos de moito pracer.

Sexto B

CANTAR DE CEGO



Miñas donas e señores
se me permiten falar
nenos e nenas escoiten
o que lles vou a contar.

En Pontevedra cidade
lugar de moitos encontros
os nenos de Campolongo
andan con lerias e contos.

É a festa do magosto
que se celebra na escola
xa teñen todo disposto
para facer a merendola.

Traen castañas da casa
coa casca encetada
para quentar no asadeiro
e degusta-las asadas.

Amañan os cucuruchos
para bota-las castañas
non sexa que haxa nenos
que se queden sen proba-las.

Tamén preparan cantigas
con moito acompañamento
son copliñas ben rimadas
que lle guindarán ao vento.

Reducido o lume a cinsa
e despois de merendar
segue a festa e o bulicio
veña todos a tisnar.

Se me escoitaron atentos
se prediquei coma un crego
sigan vostedes contentos
que xa marcha este cego.

Queden co meu adeus
e coiden a súa vista
cun aplauso para o cego
despidan a este artista.

FIN

Texto: Equipo de Normalización Ilust.: Fernando e Rafael.

UNHA VIAXE NATURAL

Hai 2 días fomos ver unha exposición do 25 aniversario do Areeiro. Unhas mulleres nola explicaron dividida en catro partes. A primeira: Era sobre insectos que comían larvas, cortiza... e algún que facía enfermar a árbore. Era unha muller moi simpática a que o explicou, e deixounos coller un verme.

Había moitos tipos de insectos. Dende algún microscópico que comía larvas, ata unha vacaloura xigante e negra. Tamén, despois de ensinar os vermes ensinou trampas para atrapalos, coma papeis de cores ou unha especie de cadea de embudes.

Ensinounos que cada cor de papel servía para unha árbore e insecto diferente, por exemplo: o amarelo era para os mosquitos e o azul para as moscas. Despois de dicir adeus aos vermes e bolboretas dixemos ola a algunhas árbores enfermas.

No segundo "apartado" aprendemos a diferenciar as enfermidades das árbores galegas, e como curalas. A min pareceume incribel que inventaran unha pomada para plantas, pero si, é certo, existe unha pomada para pinos, para unha enfermidade moi grave, que consiste en que polo tronco Ile aparecen unhas manchiñas brancas. Pero non todas as enfermidades arbóreas teñen cura. Hai unha enfermidade chamada Tiña da árbore, que cando sae hai que queimar a planta e todas as do seu arredor.

Na terceira fase da nosa viaxe, coñecemos todos os tipos de terra que hai, e aprendemos que canto máis escura sexa aterra, mais nutrientes ten e mais fértil é, e por iso nas proias de area moi branca case nunca hai plantas. Despois de despedirnos con moito agarimo do noso terceiro tramo de exposición, continuamos a viaxe ata un mundo xaponés moi interesante, a camelia.

Nesta última parada da viaxe, aprendemos todas as cores e todos os tipos de pétalos que poden ter as camelias. Tamén aprendemos todas as clases de camelias que hai e todos os tamaños de flores dende as minúsculas ata as xigantes. Tamén coñecemos novos froitos de outono e de onde viñan. E isto é o que fixemos na nosa viaxe natural.



Helena Constenla Lorenzo 6º A

VISITA A "PONTE NAS ONDAS"

O sete de Novembro fomos á praza da Ferrería, había unha carpa e eu sentía curiosidade por saber que había dentro.
Mentres esperabamos a que abriran a exposición fomos a unha fonte, a fonte da "Vila" e a mestra díxonos que cando a transportaron romperá un aro pero aínda que se lle romperá un aro, agora quedan dous, segue sendo bonita e é a máis antiga de Pontevedra.

Cando entramos na carpa había dous señores cantando unha canción coa letra cambiada que quedaba,moi ben. Era moi graciosa!.
Despois vimos unha mesa con instrumentos da época pasada e algúns que aínda se utilizan agora: a zanfona, que facía moito ruído, as cunchas, o corno....
Tamén había fotos de cómo facían antes para cultivar - se poñían varias persoas e empezaban cos restrelos a traballar a terra coma se fose un camión-.
Gustáronme moito dúas redeiras, unha era de Cangas e outra de Combarro. A de Cangas facía as redes máis finiñas e a de Combarro máis gordiñas, tamén facían as canastras... e ofrecéronos coser un pouco !.

Ah, esquecíame! Tamén había un posto de zocos e unha caseta onde poñía como se facían. A continuación había un muíño onde se amosaba como se facía a fariña antes.
Para rematar saímos a fóra ,onde había xogos. Os mestres dixeron que fixeramos cinco grupos con cinco persoas en cada un. E así foi. Fixemos carreiras de sacos, xogamos cos zancos, a rá ao aro e a buxaina, saltamos á corda e regaláronnos unha buxaina por San Martiño e un adhesivo. Logo volvemos cara á escola.

Eu volvín pola tarde e había moitas máis cousas: obradoiros de arxila, de cómo facer un violín,etc. Achegareime outro día porque como o inauguraron onte teño moito tempo.

Gustoume moito

Lucía Martínez. 4º C



SAÍDA Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

25 ANIVERSARIO DO AREEIRO



O venres 9 de Novembro a miña clase e máis eu fomos á Deputación de Pontevedra para asistir ó 25 Aniversario do Areeiro.
Alí uns guías explicáronnos que uns científicos investigan sobre cómo curar plantas enfermas.
Primeiro ensináronnos moitos tipos de camelias procedentes de Xapón e China, os diferentes tipos de follas que teñen as camelias e cómo se reproducen, por esporas.
Logo vimos froitos como a feixoa, o kiwi, o kiwiño, a cereixa..., explicáronnos cando se poden recoller os froitos, que o fan cunha máquina, á que se lle pon unhas gotiñas de zume dese froito , e depende do contado de azucres que teña ese froito, se poderá recoller ou non.

Despois explicáronnos que case todas as enfermidades que pode ter unha planta, son provocados por fungos; e cando ves unha flor ou unha planta murcha, sempre hai que fixarse no que hai ó seu arredor, para pescudar que clase de enfermidade pode ter esa planta, sexa na raíz, no talo ou nas follas.

Vimos tamén uns vermes microscópicos que se comen aos vermes que poden aparecer en froitos como as castañas e as landras, que non digo o seu nome porque é moi raro; tamén nos ensinaron unha rama de eucalipto enferma por uns fungos e unha especie de escaravellos que poñen os seus ovos nas follas dos eucaliptos e unhas avésporas moi pequenas que matan a eses escaravellos e máis os ovos; e por último unhas trampas que serven para atrapar moscas, mosquitos e bolboretas macho; as trampas para atrapar moscas e mosquitos teñen unhas cores rechamantes que os atraen e quedan pegados ás trampas por un pegamento; e as trampas para bolboretas macho teñen un líquido feito con compostos químicos que actúa como unha substancia que fabrican as femias que atrae ao macho e ao sentirse atraído por esa substancia ou líquido quédase pegado a base de pagamento.

En xeral, todo foi moi interesante e divertido, e á saída déronnos unha bolsa con caramelos e outra con sementes de carballo americano; paseino moi ben.

Lucía C. 5ºB

Unha casa misteriosa

Sempre vou pola rúa Rosalía de Castro para ir ao meu colexio e ata hai pouco tempo había unha casa que me parecía moi misteriosa. Era como as casas encantadas que saen nas películas, moi grande, case unha mansión e tiña un xardín tenebroso cheo de vexetación. De ela saían voces e gritos, incluso un día empezou a saír moito fume. Eu pensaba que había pantasmas e imaxinábame un millón de cousas que podrían estar sucedendo nela. Pero un día descubrín que só eran uns ocupas que entraran a vivir alí. Aínda así seguíame gustando e cal foi a miña sorpresa cando un día vin que a estaban demolendo. Quedeime moi triste. Agora están a construír un edificio no seu lugar. ¡Que mágoa! Gustaríame ter entrado nela.

Beatriz Martín Herrero 5º A



O recuncho do poeta

Unha boa etápa

A despedida pronto chegará
marcharemos da escola
a un novo lugar;
atrás quedarán
os recordos dunha infancia
para lembrar.
Foi nesta etápa
na que crecimos
na que vivimos
na que sentimos...
Son recordos que permanece
que se quedarán
e que xamais se olvidarán
¡ Agora que marchamos
só lembramos
os bos momentos que aquí pasamos

Un Soño

Cando na túa infancia soñabas
con ser piloto, médico,
futbolista ou escritor
non pensabas que os sonos
son á vez
un desexo e unha ilusión.
Pois ás veces os soños
compártense con temor,
Unha infancia, un destino, un amigo,
un amor, unha idea, un pensamento
unha expresión.... Son os recordos
que sempre estarán no teu corazón

Laura Tobío 6ºC



PASEO POLO BOSQUE CON FEDERICO DE LA PEÑA

O vinte de novembro (Día dos dereitos dos nenos) tivemos unha charla cun naturista chamado Federico de la Peña que se dedica ó estudo e comportamento de plantas e animais.



Comecemos polas árbores:
Ensinounos un carballo, unha aciñeira, un loureiro e uns castiñeiros, estes últimos en diapositivas, que tiñan ata **3000** anos de antigüidade pero a maioría foron tronzados a causa de pelexas entre políticos.

Ensinounos froitos como noces, castañas; que se atopan dentro dos ourizos en grupos de máis de tres, catro e ás veces ata de doce castañas.

Tamén nos falou de plantas que unha parte delas é velenosa e a outra beneficiosa para nós, como por exemplo o acivro cuio froito é velenoso e incluso mortal se o tomásemos en grandes cantidades pero sen embargo a súa madeira emprégase en carpinteriae ebanistería.

En canto ós animais amosounos unha MANTIS RELIXIOSA, chamado así porque pon as súas patas coma se estivese rezando, e comentounos que despois da cópula a femia ou devora ó macho ou ben lle corta a cabeza.

Tamén nos ensinou un sapo e un ourizo e as formas que teñen de actuar fronte ó perigo. Do sapo dixo que cando se atopa en perigo, das verrugas que ten na pel sae un líquido, e se algún animal intenta meterse con el o sapo solta o líquido e o animal márchase do asco, porque ese líquido ten un composto que amarga ao metelo na boca, por iso.

En canto o ourizo dixo que cando se atopa en perigo se enrola formando unha bola, e ata que non
pasa o perigo non desfai a bola.
A charla foi moi interesante e a min gustoume moito.

Lucía C. 5ºB

UNS IRMÁNS MOI DISTINTOS

Todo ocurriu nunha mañá de verán no centro dunha cidade moi bonita, San Adrián. David e Jsabel son dous irmáns moi distintos que vivían nela.
David ten oito anos e é alto e gordo, gústalle ler cómics, xogar ao fútbol e correr. Jsabel ten doce anos, é baixa, para a súa idade, e delgada: encántalle xogar coas bonecas, saltar á comba e maquillarse.
Eles son como o can e o gato pero quérense moito.
Como ía dicindo, David e Jsabel ían paseando cando, de repente viron unha tenda de música e entraron nela co doñeiro que gañaron entre os dous axudando nas tarefas da casa. Jsabel viu uns discos de Paulina Rubio que gustábanlle moito e David uns de Estopa.
Os dous querían coller o seu disco pero non lles cegaba o diñeiro.

- Deberíamos comprar o de Paulina Rubio- dicía Jsabel.
- Non, ¡o de Estopa!
- ¡Paulina Rubio!
- ¡Estopa!

Foron tantos os gritos que o dependente tivo que botalos fóra.
Entón foron ao cine e pasou o mesmo coas películas, David quería ver Harry Potter e Jsabel High School Musical. Volveron a discutir e os botaron dalí.
Ocorreu o mesmo cando ían comprar, e cando vían as mascotas dunha tenda, e ata discutían por onde volver a casa.
Cando chegaron a ela, os seus pais xa estaban enterados do seu comportamento e castigáronos ata que se pediran perdón e se disculparan cos dependentes.
Como non querían que os castigasen pediron perdón aos seus pais, aos dependentes e un ao outro.
Dende aquel día David e Jsabel intentan non pelexarse tanto, pero non o consiguen de todo porque aínda lles quedan moitas pelexas, como o día que foron ao campo; pero ao fin e ao cabo quérense.

Laura Almón Fontenla 5ºB

O ENTROIDO

NO MEU COLEXIO CELÉBRASE TÓDOLOS ANOS O ENTROIDO, NO MES DE FEBREIRO.

ESTE ANO EU FUN DISFRAZADO DE CAVERNÍCOLA COAS MIÑAS AMIGAS. O DISFRACE ERA DE FONDO AMARELO CON PUNTIÑOS MARRÓNS.

NO COLEXIO TIÑAMOS XOGOS. NO PATIO DE PRIMEIRO E SEGUNDO SALTABAN Á CORDA. NO XIMNASIO HABÍA MÚSICA E TAMÉN UN ESCENARIO ONDE PODÍAS BAILAR; ENTÓN EU SUBÍN AO ESCENARIO E BAILEI, PERO O MÁIS GRACIOSO FOI QUE AO BAIXAR DE ALÍ ¡PAF!, CAÍN, PERO NON ME FIXEN DANO, O ÚNICO QUE PASOU É QUE LLE ESTRAGUEI O TRAXE A UNHA AMIGA.

NO PATIO CUBERTO HABÍA POSTOS PARA VENDER LAMBETADAS.

DESPOIS FOMOS XOGAR AO PATIO, E XOGAMOS AO PILLA, ÁS AGACHADAS E A VERDADE E ATREVEMENTO. TAMÉN VIMOS A NOSA PROFESORA.

RESUMINDO: GUSTOUME MOITO ESTE ENTROIDO E, OS MEUS AMIGOS E EU, PASÁMOLO MOI BEN; GUSTARÍAME REPETILO.



LORENA OGANDO ELENA CAO 5º A

O mar



O mar está triste,
o mar quere chorar
porque a xente
o quere contaminar.

Os peixes tristeiros
non queren nadar,
porque o mar
van empozar.

¡Non chores, meu mar!
xa que os galegos valentes
vante a axudar e limpar.

E nós, os nenos,
procuraremos non enlixar
e aos teus areais
iremos a xogar.





Roquel Mª Hernández Rodríguez 5ºC

O calendario no mar

En xaneiro a fareca val carneiro.

A castaña e o besugo en febreiro non teñen lugo.

A xarralla e o longueiron, no mes de marzo, que bos son.

Despois da Pascua de Resurrección ni sermón ni salmón.

En maio non comas raia, por ben que che caia.

Cando o trigo vai louro, o peixe branco val ouro.

Xuño, xuñeiro, que trae o centolo baldeiro.

En agosto sardiña e mosto.

Folla na figueira, muxes na ribeira.

A fareca e a solla, na caída da folla.

De San Miguel a santos, nubes de tranchos.

Pola Santa Lucía, mascatos na Badía.



O SALÓN DO LIBRO

A nosa aportación para a semana do libro infantil e xuvenil de Pontevedra consistiu na construción dun castelo de area feito de libros con títulos alegóricos ó mar. Dese castelo saian tres libros feitos polos alumnos e alumnas do primeiro e terceiro ciclo: "O Mar de Bussi", "Poesía Mariña" e "Mariñeiro en Terra". Agora forman parte do fondo da nosa biblioteca:



"POESÍA MARIÑA": os alumnos de 5º e 6º realizaron un traballo de composición poética, onde primeiro ideaban e construían os poemas e despois facían a ilustración.





"MARIÑEIRO EN TERRA": os alumnos/as de 6ºB, seleccionaron poemas da obra de Rafael Alberti "Mariñeiro en Terra" e despois de facela traducción ao galego, ilustrárono.

"O MAR DE BUSSY": os alumnos/as de 2º, partindo da música de Bussy, traballaron a comunicación nas vertentes artística (musical e plástica) e a prosa da literatura galega.

EQUIPO DE BIBLIOTECA



VISITA Á BIBLIOTECA



O día vintecinco de marzo fomos á biblioteca, xa sabedes, onde hai moitos libros para ler . Se vos gusta ler ... ¡Os vai encantar que vos conte a experiencia ¡ . Xa estamos na biblioteca, non hai que facer ruído porque se non, molestamos . Un guía vainos ensinar os paneis onde aparecen moitos escritores .O primeiro panel está dedicado ao autor de libros como : A viaxe ao centro da terra , A volta ao mundo en 80 días etc ... . Non me acordo dos nomes dos escritores pero sabería dicir os libros que hai en cada panel .No segundo panel está o libro da selva , no terceiro "O doutor Jekyll e Mr.Hyde". No cuarto, o conto do soldadiño de chumbo . Logo subimos a primeira planta onde está a verdadeira biblioteca . E xenial , encargáronos buscar información sobre os libros que vimos. A nós, tocounos " A Illa do Tesouro". Carme, a miña compañeira , e máis eu tivemos que buscar sinónimos de "pirata". Cando acabou a busca, como tiñamos un rato libre, ollamos varios libros antes de regresar á escola.

Pablo Pereira 5°B

Colaborador: Sergey Baghdasaryan

CHEGOU O NOSO DÍA

Sempre, sempre, en Preescolar mirábamos as de esos grandotes de terceiro (de Preescolar) que xa ían a 1º; e en Primaria mirábamos as de eses renos maiores que ían ao Instituto. ¿E que mirábamos? ¿Que eran aquelas fotos que colgaban da parede ano tras ano? Víamos irmáns, irmás, curmáns, curmás... pero aínda así, non sabíamos que era o que mirábamos. Pois iso, é a orla, esa fermosa pegada que deixas no colexio, esa grande pegada formada polos renos maiores que van ir ao Instituto; e algún día, dentro de pouco, alí estará, colgada da parede, coa miña foto ao lado dos meus compañeiros, ¡a orla! coa miña foto, desde a cal verei pasar os anos, verei pasar aos renos, aos mestres, aos directores... verei pasar a todo o colexio de Campolongo, vereime incluso a min de maior o día que pase polo colexio e mire a miña pegada fantástica que permanecerá sempre alí.

Helena Constela
6ºA

A CAMELIA

A camelia é unha flor moi abundante en Galicia.
As camelias xa as conseguiron de todas as cores menos negra, que un día calquera xa as conseguirán.

Os días da camelia son o once, doce e trece de marzo e sempre no noso colexio facemos: Redaccións, Poesías, Debuxos, traballos e exposicións da camelia.

Pola porte de abaixo o colexio sempre está moi adornado porque os nenos de primeiro, segundo, terceiro, cuarto, quinto e sexto o adornan cos seus traballos, algúns profesores elixen uns cantos traballos; i os que elixen son os gañadores da exposición.

Eu nunca gañei unha exposición, pero seguro que este ano gañarei.

A camelia parécese a un corazón ou a unha rosa polos seus pétalos, e tamén a camelia pode ser da mesma cor da rosa ou do corazón.



MIGUEL

Cancion da camelia

Sompre imos ao parque
para poder xogar
escapou a pelota e
ao camelio foi a dar.
Agóchanse e vólvense agochar
pobriñas as camelias
que peniña nos dan.
Teremos máis coidado
outra vez non pasará
Protexe as nosas flores
e contentas quedarán.
Agóchanse e vólvense agochar
pobreiñas as camelias
quepeniña nos dan.





Helena 3º A



A camelia de Campolongo

Camelia variada,
rosa, branca e xaspeada.
Cando a ven de repente,
hipnotiza a toda a xente.
As camelias alegran o teu corazón,
e os paxaros cantan ao son.
Fanse exposicións no colexio Campolongo,
e así o día non se fai longo.
Fanse debuxos e redaccións,
algúns lle dedican ata cancións.
Camelia variada,
Rosa, branca e xaspeada

Raquel Liste y Maite Cachafeiro 5ºA

A camelia viaxeira

Érase unha vez unha camelia que quería viaxar, coñecer outras camelias e o mundo enteiro visitar. O vento a levou e ela viaxou, visitou un montón de sitios ata que chegou debaixo dun camelio. Aquel camelio tiña flores xaspeadas, eran vermellas e brancas e ela que nunca vira tal cousa –pois era totalmente branca- quedou fascinada. Seguiu viaxando e viu moitas especies de camelia; camelias vermellas, xaspeadas, rosas, brancas,... Ata que cansa parou de viaxar e quedou alí entre a herba. Pasaba por alí unha nena chamada Cecilia, que decidiu collela e deixala no seu cesto. A camelia non sabía que acabara no parque de Campolongo; tampouco sabía que no colexio de Campolongo estábase a celebrar a VI Exposición da Camelia;polo tanto, tampouco sabía que Cecilia buscaba flores para expoñer no concurso.

A vida daquela camelia acabou na VI Exposición da Camelia e aínda conseguiu ver outras camelias que non coñecía a pesar de todo o que viaxara.

María Bará 5ºA

CAMELIA DE MIL PÉTALOS

¡OH! camelia de mil pétalos
que brillan sen parar,
nun mar de alegría e felicidade.

Cos teus pétalos rosados
que semellan as meixelas
de dous namorados.

Cos teus pétalos tan brancos,
coma os cisnes
dos estancos.

Cos teus pétalos xaspeados
que resplandecen
nos vales encantados.

¡OH!camelia de mil pétalos,
dime ti a verdade
¿de onde sacas tanta felicidade?

Carmen 6ºB

INTERCAMBIO CULTURAL CO COLEXIO "NOSSA SENHORA DE LOURDES"

O PORTO

O día 2 de Abril tomos de excursión a Porto. Foron dúas horas e media na ida a Porto. Foron moi aburridas pero polo menos o resultado foi "bom".

Cando saímos do autobús tomos a igrexa dos Clérigos, paréceme que se chamaba así, e nos deron unha charla. Os nenos de Portugal nos falaban dela e da súa torre. A construíu "Nicoláo Nassoni".

Despois subimos á torre dos Clérigos. Non tiña ascensor, tiñamos que subir a pé. As escaleiras eran de caracol, Saín de aí coas pernas moídas!. Parécevos unha broma pero... subir e baixar esas escaleiras cansa... pero moito, iso sí as vistas son inesquecibles. Moita xente tivo que quedarse nas escaleiras por vertixe, ¡Que pena!. A torre tiña campaíñas e un carillón.

Logo montamos no autobús e fomos á Catedral e faláronnos dela.

Dixéronnos que tiña un altar todo teito de prata. Esa igrexa tiña unhas columnas xigantes e moi grosas e un órgano. Despois collemos o autobús e unha guía explicounos cousas do traxecto da catedral ao colexio "Nossa Señora de Lourdes".

Ao chegar ao colexio recibíronnos moi ben, un neno pequeno estaba todo o rato dicindo:

-España, España!.

Así moitas veces, e berraba coma se fose un lobo.

Mirábannos como se fósemos extraterrestres ou xente rara, pero só eramos Españois e eles Portugueses, eramos iguais. A igualdade o é todo.

INTERCAMBIO CULTURAL CO COLEXIO "NOSSA SENHORA DE LOURDES"

O PORTO

Nada máis chegar empezamos a xogar ás agachadas con algunhas nenas.

Logo fomos comer, comemos patacas fritidas con bisté.

Era bufé libre e na entrada tiñan unha pantalla na que controlaban aos nenos que entraban e saían. Ao acabar de comer tomos xogar e a coñecer nenas e nenos Portugueses.

Eu coñecín a unha nena chamada María Ana.

É encantadora, xa na comida nos había tratado moi ben. Como me caeu moi ben pedinlle o e-mail, para ter algún contacto con ela desde España.

Zeltia dixérame que fixo 20 ou 30 amigos !!, ique barbaridade, ¿non?!. Un pouco máis tarde intercambiamos cousas, nós lles demos aos nenos un limpapipas e unha camiseta, e aos profesores unha figura e un taboleiro do "parchís" das camelias.

E eles déronnos unha camiseta, un marcapáxinas e unhas "chuches", por certo o colexio é tan grande que ten unha tenda de "chuches", e para mercar , nós tivemos que pagar normal pero eles collen unha tarxeta e compran o queren ou precisan. Ao director lle regalaron unha botella de viño de Porto, e aos profesores unhas botellas de viño pequeniñas.





E agora ven o momento que menos me gustou, que foi a despedida, despedinme de María Ana e dos demais.

E a cousa que máis me gustou foi a viaxe a Porto. ADA 4º C

ESCONXUROS DE 6º A

Para antes das dúas da tarde:

Que sexa na casa
que sexa nunha illa
pero que apareza xa
unha tortilla.
(Álvaro Escobar)

Para as tarefas:

Por ser como es
traballa e non desesperes
que agora mesmo
han de facerse os deberes.
(Javier)

Pídelle, pídelle
xa verás como o xenio sair
e cando saia desexa,
que as tarefas fáganse xa.
(Raquel)

Sumas e restas,
multiplicacións e divisións,
raíces cadradas
e todas as operacións,
facede que os deberes
fáganse cos meus poderes.
(Joaquín)

Bruxas e piruxas
que nos contos durmides
saíde, saíde,
e neste anoitecer
axudádeme os deberes
poder facer.
(María Castro)

cazarola por alá
un pouco de sal
e a comida está.
(Alejandro)



Melusiña por alí
melusiña por alá
que as tarefas se fagan
soas xa.
(Marco)

Tarefas por aquí,
tarefas por alá,
se eu non fago as tarefas
un trasniño as fará.
(Ainhoa)



Dous e dous son catro,
e catro ¿vintedous?
xa que non teño nin idea,
que estes deberes
fáganse sos.
(María Aparicio)

Maredurmo, caradurno,
que si me durmo
os deberes se fagan sos
con meu amigo Saturno.
(Cristina)

ESCONXUROS DE 6º A

Lapis, bolis,
libros, follas,
que todas as tarefas
se fagan soas.
(Aarón)

Para que rematen as clases:

Primeiro a xeografía
agora a historia
isto,que semella unha nora
que se esfume
xa e agora.
(Marta)

Marco,Marta
Xiana,Xabieriño
fai que sexa feliz
este veranciño.
(Calixto)

Outros:

Plim,plil,plas
que esta escola
se converta nun supercolexio máis.
(Sergio)

Esconxuro,esconxuriño
os cartiños xa non me dan
fai que cando cheguen a 3
aparezas 100 euros
en cada man
(Alicia)

Facer esconxuros é moi doado
moves as mans, axitas o cu
e aparece ante ti
o desexado
(Álvaro Escobar)





Polo Sol,
polas mareas
que a nosa "profe"
non nos poña máis
tarefas
(Álvaro Escobar)

Meiga,meigallo
que na hora do patio
o reloxo pare
as doce menos cuarto.
(Irene Covelo)

Corazón pirulón
corazón pirulero
fai que este neno
se converta en
bombeiro
(Xiana)

Galega,galeguiño,
galego,galequiña
nesta orla tan
completiña
quero aparecer ben
bonitiña.
(Helena)

Polos mestres
polas mestras
polas nais e polos pais
eu quero neste ano
unha notiña especial.
(Helena)



A vida nos ríos de Galicia

Hoxe foi un día moi diferente porque fun a Caixanova para ver unha exposición sobre os ríos de Galicia. Eu xa coñezo uns poucos ríos porque fun cos meus pais e o meu irmán a ver algúns.

Nesa exposición vin moitas fotografías de animais moi raros que andaban a vivir nos ríos. A monitora díxonos que para non tardar tanto explicando as fotografías, que iamos facer un xogo. Trataba de responder ás preguntas que poñía nun papel e buscar as contestacións nas explicacións das fotografías. O meu equipo era María, Diego B. e eu, e o fixemos moi ben. Eu lía as preguntas, María buscaba as respostas e Diego escribía.

Logo vimos un vídeo que dicía que viven moitos animais nun río como as lontras, as troitas, as ras,os cangrexos e moitos máis. Tamén o vídeo dicía que a natureza, a vexetación que está nas veiras dos ríos, axuda a vivir aos animais que viven na auga. Cando fai moita calor en verán, as árbores coas súas follas fanlles sombra, e tamén alimentan aos animais;ademais as raíces das árbores sérvenlle de refuxio para que as correntes non sexan tan fortes.

E isto é o que pasou. A verdade é que me gustou moito e o pasei moi ben.

Cecilia 5ºA





ABRIL DOS LIBROS

ABRIL DOS LIBROS É UN MES FANTÁSTICO, TODO, OU CASE TODO É LER.

O PRIMEIRO QUE NOS PUXEMOS A PREPARAR É UNA OBRA DE TEATRO QUE ÍAMOS REPRESENTAR, TRATABA DUN ANCIÁN MOI BO, QUE ERA MOI XENEROSO E AGRADABLE.

ERA UN DÍA DE FEIRA PARA Ó AVÓ COLÁS, QUE FOI Á FEIRA PARA VENDER O SEU CABALO...

A SEGUNDA COUSA QUE PREPARAMOS FORON UNS CÓMICS.

OS CÓMICS TIÑAN QUE TRATAR DUN CONTO CLÁSICO, EU ESCOLLÍN O DE HANSEL E GRETEL, QUE DICÍA ISTO:

HAI MOITO TEMPO HABÍA DOUS IRMÁNS CUNS PAIS MOI, MOI POBRES QUE VIVÍAN TAMÉN MOI MAL...

DESPOIS CANDO XA TIVEMOS O CÓMIC PREPARADO DÉMOSLLO Á PROFESORA.

LOGO O MARTES 22 DE ABRIL AS 12:00 DA MAÑÁ FOMOS AO CORREDOR DO LADO E UNA PROFESORA DE 2º DE PRIMARIA CHAMADA MARI CARMEN, CONTOUNOS UNS CONTOS, EN TOTAL, DOUS.

PRIMEIRO CONTOUNOS UN CONTO TITULADO:

-¿POR QUÉ OS TILINLLI NON CAZAN BALEAS?

TRATABA DUN AVÓ CON 3 NETOS, E UN DÍA, UN LLE PREGUNTOU:

-AVÓ, ¿POR QUE OS TILINLLI NON CAZAN BALEAS? .....

-ISO É UNA LONGA #ISTORIA, ESCOITADE...

AO SEGUINTE DÍA FIXEMOS UN INTERCAMBIO DE CÓMICS COS NENOS DE 4ºA E 4ºB, TODOS OS CÓMICS ERAN MOI CHULOS A VERDADE.

ITZIAR VELANDO PASCUAL 4º C

UNHA FADIÑA MOI CURIOSA

Unha fadiña moi curiosa chamada Cris, quería coñecer o mundo dos humanos, e tentou descubrir como.

Pensou, pensou e pensou pero non se lle ocorría nada.

¡Chis a idea chegou! veña que cha conto: como ela vive no País dos Sonos intentará durmir e, soñar co mundo dos humanos e cando esperte quedaralle unha lembranza. Despois do sono irá ao pozo dos desexos e botará unha moeda, así fixo e...

¡Xa está! Cris teletransportouse. O primeiro que veu foi: unha nena sola e triste, Cris un pouco asustada foi a preguntarlle que lle pasaba. A nena tamén se asustou pero pronto se fixeron amigas e viviron aventuras.



Alicia 2º C

O NOSO MAIO

Bos días para os presentes
nesta mañá de alegría
somos os de Campolongo
que vimos a Ferraría.

Nesta praza agarimosa
xa están a resoar
estas cantigas de Maio
que viñemos a estrear.

Maio verde, Maio verde
todo cuberto de cores
de paxaros cantareiros
da primavera e das flores.

Viñestes a Campolongo
e marchastes sen ver nada
non vistes o noso Maio
espertar na madrugada.

O cuco xa está cucando
entre as follas do loureiro
quere vir ao noso Maio
cuco ledo e algareiro.

Mes de Maio, mes de Maio
mes de moita fermosura
aínda ben non amañece
cantan paxaros na rúa.

A educación vai adiante,
é para todos igual.
na escola xa nos din:
veña todos a estudar.

Outro curso que andamos
cos mapas ás desenvoltas
pois tivemos que apertar
para sacar boas notas.

Os rapaciños da escola
fartámonos de estudar
con tanta actividade
non nos deixan descansar.

Os mociños de agora
téñenche un problemón
desfixeron o Campillo
quedaron sen botellón.

Os tempos traen as modas
e as modas pasan cos tempos
nesta vila e capital
están postos en inventos.

Pois a última ocorrencia
tenche moita aceptación
botar montañas de piche
polos pasos de peóns.



Os autobuses urbanos
non os vemos funcionando
é máis fácil para Lores
que a xente vaia andando.

Cando chove en Pontevedra
é difícil pasear
coas lousas despegadas
e os zapatos a enchoupar.

Da Xunta que nos dirixe
non hai moito que contar
Touriño e mailo Quintana
xuntáronse para gobernar.

Logo de tomar acordos
dirixen a mesma orquestra
un compón a partitura
e outro toca na festa.

A Tareixa e máis o Lores
forman parella de mando
a Telmo non o chamaron
porque é do outro bando.

Os zapatos da Tareixa
teñen o tacón dobrado
de metelos nos buratos
que deixan nos empedrados.

Don Felipe e Dona Leti
teñen que enchelo niño
con Sofía e Leonor
solo lle falta o meniño.

Pontevedra Fútbol Club
sempre a piques de ascender
xogan ben ata o final
que rematan a perder.

Sube a vida, hai máis paro
tamén temos inflación

todolos datos indican
que chegou a recesión.

O Gafos deita na ría
o Lérez verte no mar
os aires de Pontevedra
ao vento van a bicar.

Maio que cantas na praza
dille a toda Pontevedra
estas copras que soaron
levan quentura da pedra.

Ao Maio xa lle cantamos
esta foi a derradeira
cun adeus nos despedimos
e gardámola madeira.



Día das Letras Galegas 2008

Xosé María Álvarez Blázquez

Naceu en Tui (Pontevedra) en 1915, e faleceu en Vigo en 1985.

Escritor en língua galega e castelá, Álvarez Blázquez é fillo de Darío Álvarez Limeses. Militou na Federación de Mocedades Galeguistas e no Partido Galeguista. Xunto con Luís Viñas Cortegoso fundou a Editorial Monterrey no ano 1950.

Xa en 1962 ingresou na Real Academia Galega en dous anos despois, en 1964, foi cofundador dunha nova editorial: Editorial Castrelos.

Continuador no seu estilo poético do neotrobadorismo alén da guerra civil. A súa primeira novela "En el pueblo hay caras nuevas" (1945) foi finalista do premio Nadal. Os seus poemarios máis destacados inclúen os títulos "Poemas de tin e de min" (1949) escrito co seu irmán Emilio, "Roseira do teu mencer" (1950) " Romance do pescador peleriño" (1954) e "Cancionero de Monfero" (s.XIII)" (1953) que o autor presentou como textos medievais auténticos.

Tamén escribiu obras cun carácter mais persoal e intimista como "Canle Segredo" , escrito en 1954 e publicado en 1976.

Como ensaísta, publicou "Escolma de poesía galega II: a poesía dos séculos XIV a XIX" en 1959, "Escolma de epigramas" (1968), e "Escolma de poesía medieval" (1975).

Da súa obra en galego destaca a colección de relatos "Os ruíns" (1936) e "A pega rabilonga e outras historias de tesouroa" (1971).

A RAG basea a súa decisión de homenaxear coas Letras Galegas 2008 a este autor, por ser "o exemplo perfecto dun home polígrafo, erudito e interesado pola historia, a arqueoloxía ou a literatura.".

Fernando Estévez-Félix García -Manuela Muíños 6ºB

CORRUBEDO

O día 20 de maio os alumnos de 5º reunímonos para facer unha excursión "cultural", como din os profes, á Península do Barbanza.

Os catro grupos de 5 º subimos a dous autobuses , con moita alegría e sobre todo moi entusiasmados coa viaxe . Aquí empezaba o noso percorrido.

Despois de dúas horas de traxecto no autobús chegamos ó Castro de Baroña (Porto do Son). Saímos do autobús e os profesores avisáronnos de que a zona tiña que quedar limpa, sen restos de papeis ou outras cousas.

O castro de Baroña estaba situado nunha illa, que hoxe é unha península. É un castro moi raro, por estar ó lado do mar. Data do 700 a. C. Nesa zona había moitas rochas e cantís, por iso era perigoso. Non podíamos subir as rochas nin arrimarnos ós cantís. O único que podíamos facer era investigar, tamén facer a sesión fotográfica.

Logo de facer un curto traxecto chegamos ó Dolmen de Axeitos (Ribeira), monumento que leva nese sitio uns 6.000 anos. Está feito con grandes lousas e cuberto tamén de pedra. Estas construcións servían para enterrar ós mortos, normalmente familias enteiras.

O que nos chamou a atención é que estaba un pouco mal coidado posto que tiña "graffitis" no interior. Os alumnos, por curiosidade, entramos para facer fotos.

A terceira parada era no Parque Natural das Dunas de Corrubedo (Ribeira).

Cando chegamos ás dunas, os nenos levámonos unha gran decepción, estaba prohibido subir por elas, xa que son moi importantes é preciso conservalas, teñen máis de 2000 anos e unha flora e unha fauna que debemos protexer.O que si puidemos facer foi o paseo polo sitio permitido e continuar coa reportaxe fotográfica.

Despois dun tempo chegamos a Palmeira (Ribeira) para comer nun camping-restaurante ó lado da praia. Alí comemos na terraza. Pasamos bastante tempo xogando, bailando....De postre a maioría dos rapaces tomaron un xeado pero, para decepción de todos, acabáronse os Pirulos (xeados de froita). Xa pola tarde subimos desde A Pobra do Caramiñal ó Mirador da Curota, subíase por unha estrada dende a queestreitiña se vían cabalos salvaxes e precipicios. Desde alí víase todo, A Pobra, A illa de Arousa, o Grove...i unha paisaxe sensacional!



Non quedaba máis que regresar, subimos ó autobús onde viñamos comentando o interesante que foi esta excursión.

Aitana,Andrés,Xabier;Miriam,
Ana 5ºC


ESCOLA DOS NINLLAS
FERNANDO ESTEVEZ 6°B
HOXE VOU VOS ENSINAR A TECNICA DO ESCONDITE
EU PRIMEIRO
¡XAA!
NON TE TRANS-FORMES EN FLOR ¡NON SERVE!
¿EU?
XAI ESTÁ
SÓ PENSAS EN DURMIR ...
¡CHAAA!..
AHH!
HOXE É DÍA DE NOTAS...
NOTAS
ESTOU MOI DISGUSTA-DO
SUSP. 93
SUSP. 0,5
SUSP. 0,0
FIN E ESTUDADE RAPAZES

HISTORIAS DE GAVABATOS

FERNANDO ESTEVEZ 6ºB K66













MÁIS TARDE...



OS PÉS KEDOS

Isto vai para os rapatos...

Para os altos

Pois si, son unha Drac Quelin

Para os baixos

Para os raros

O sapatiño, son de última xeneración

Para os normais

VA, TOCA

Estou só

Defende

Para os que non teñen

Que chosa d'inverno

Para os que teñen

ZAPATOS

ZAPATOS

ZAPATOS

ZAPATOS

ZAP

ZAP

ZA

ZAP

ZA

Para os que veñen

Están nova dunha tenda de ostava man

Para os que se van

SE VENDE

E como me cansei de rapatos... Vamos a facer outra cousa...

Para os baixos

ALCANTARI

Para os brandos

Para os altos

Para os duros

Para os gordos

Para os que veñen

Para os fracos

Para os que se van

Quédame ben a peruca

PARA TODOS

SEMPRE QUISO CAL-GOLAS

Guión e debuxos = Alexandra Fernández 6º B

A TRASMIDA EXPLICA















VISITA AO DOMUS

O vinte e sete de maio, ás nove e media da mañá, o alumnado de 6º viaxou A Coruña para visitar a Casa das Ciencias. Ao chegar, dirixímonos ao Planetario, e alí, no teito, proxectáronnos imaxes sobre os planetas e o universo mentres que un narrador ía explicándonos o significado desas imaxes.

Máis tarde, no mesmo edificio, fomos ver insectos, especies estranxeiras, traídas doutros lugares.

Nunha planta máis abaixo vimos uns artefactos que agora mesmo non son moi comúns.

Sobre as doce e media fomos visitar o Museo das Ciencias. Alí ollamos numerosas cousas pero as que mais éxito tiveron foron: un xogo no que os participantes se dividían en dous equipos. O equipo que se relaxara máis movía unha bóla de aceiro coa mente e a bola ía cara a beira contraria.

Outro xogo era como un posto de vender froita no que había catro tubiños, dun saía café, doutro sal, do terceiro picapica e do carto saía azucre. Pero o que máis lle gustou aos profesores foi un ADN representado por unha pila de libros.

Nese mesmo lugar xantamos.

Despois de xantar nos puxémonos en camiño cara o Acuario. Alí ensináronnos moitos peixes. Os máis destacados eran unhas medusas pequeniñas, que estaban feitas de auga. Máis tarde vimos as quenllas, pero a sala estaba queimada, así que nos ensinaron un vídeo de como trouxeron a Gastón, a quenlla principal, ao acuario de A Coruña e tamén uns ovos de quenlla. Explicáronos que as quenllas lles dan de comer os mergulladores e que sempre hai que darlle a comida de fronte porque senón se poden sentir intimidadas e entón é cando atacan. Tamén vimos algúns ósos de balea e como final da visita observamos uns mamíferos moi fermosos, vimos focas.

Ao acabar todos pasamos pola tenda de agasallos, e a maioría do alumnado levou un recordo daquela visita tan bonita.

Andrea Menéndez 6ºB

Exposicións





C E I P " CAMPOLONGO "

6º PRIMARIA

PONTEVEDRA

2007

CEIP CAMPOLONGO PONTEVEDRA

2008

CEIP CAMPOLONGO


C.E.I.P.
CAMPOLONGO
PONTEVEDRA
CONCELLO DE
PONTEVEDRA
CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E VIVENDA
M. J. L. V.
salida
CONCELLO DE
PONTEVEDRA
CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E VIVENDA

Un colexio universal

"Coñecer unha escola sen límites nin fronteiras
e aprender polas ringleiras das horas e os días
a espertar coa viaxe máxica dos libros
descubrindo os atesourados socalcos das palabras"



Telma 6º B

Fernando 6º E